


## Orde de modificación da convocatoria de oposicións.

**Sobre as propostas que presenta a Consellaría na orde que modifica a convocatoria das oposicións, a CIG-Ensino considera:**

- É unha **falta de respecto e unha mostra de ausencia de boa fe negociadora** que as medidas que vai implantar Educación veñan previamente fixadas polo presidente da Xunta. Nun exemplo de autoritarismo e carencia absoluta de intención de consensuar propostas, esta Mesa carece totalmente de valor. **O proceso debe ser á inversa. Negociar e despois tomar decisións.** A medida máis relevante, na escasa capacidade de mover algo nunha convocatoria xa feita hai un ano, é a ampliación de tribunais para reducir a ratio de aspirantes e nin sequera figura no texto da orde.
- Na CIG-Ensino levamos anos demandando **melloras nos procesos selectivos** a pesar de estarmos limitados por unha normativa estatal de ingreso na función pública docente coa que estamos en desacordo. Seguimos a defender un sistema de dobre vía que diferencia as prazas de taxa de reposición (xubilacións, defuncións..) das vacantes ocupadas por persoal interino durante anos sen que se tivesen ofertado, como fixa a lei, a oposicións.
- Solicitamos información sobre a previsión de publicación da **lista de admitidos**. **De momento non teñen data prevista.**
- A **redución de aspirantes por tribunal**, coa conseguinte ampliación do número de tribunais é unha demanda reiterada da CIG. Que o único motivo para que se faga agora sexa pola pandemia é o que lamentamos. Debe ser unha medida permanente. Pedimos que se complemente cun número máximo de opositores por centro no que se fagan as probas, en función de se existe un único ou varios accesos. Deben evitarse aglomeracións



tanto nas entradas como nas aulas nas que se fagan as probas. **Estudarán se a redución de aspirantes por tribunal é unha medida que poidan manter para seguintes convocatorias.**

- Tamén sabemos por boca do presidente da Xunta que se vai atender unha solicitude que lle trasladamos desde a CIG-Ensino á Consellaría, levando os **tribunais fóra das cidades**. É unha boa medida da que pedimos concreción sobre concellos elixidos. **No corpo de mestres as localidades onde se van realizar os exames son as xa recollidas na propia convocatoria, polo que non vai haber ampliación de sedes, pero si pretenden respectar a localidade pedida para reducir a mobilidade o que pode ocasionar diferentes ratios nos distintos tribunais.**

En canto aos demais corpos, a parte das sete cidades, as localidades que están barallando son Culleredo, Oleiros, Narón, Foz, Sarria, Vilalba, Viveiro, Carballiño, Ribadavia, Allariz, Vilagarcía, Lalín, Porriño e Cangas.

- A ampliación de tribunais debe vir acompañada polo nomeamento de comisións técnicas de baremación. Se isto se fixese nunha convocatoria como a deste ano non só reduciría a burocracia dos tribunais, podendo dispor de máis tempo para as funcións que lle

corresponden senón que reduciría para anos vindeiros estes traballos da fase de concurso, como acontece no concurso de traslados, xa que só precisarían achegar documentación quen tivese novos méritos ou quen participe por primeira vez. [Non van a facer unha comisión técnica para a baremación, adiantan que traballan nunha aplicación informática como a do CXT para futuras oposicións.](#)

- **Non aceptan a** nosa demanda de volver ao **anonimato da 1ª proba, con identificación con etiquetaxe e sen lectura desta proba** tórñase neste ano tamén como unha mellor medida de seguridade, evitando desprazamentos innecesarios.
- Propoñemos **que o número máximo de aspirantes por tribunal figure na orde**, unha vez que a Consellaría xa coñece o número total de aspirantes non hai nada que o impida. A única excepcionalidade podería darse naquelas especialidades nas que a Xunta non conte con funcionariado de carreira dabondo para os tribunais. [Non van publicar as ratios na orde.](#)
- Pedimos **datos concretos das especialidades afectadas por insuficiencia para cubrir os tribunais** e que se poña en común cos sindicatos e se fagan públicas as decisións nestas especialidades: ratio de aspirantes, especialidades e corpos dos que se pretende tirar para cubrir as necesidades. Debería figurar nesta modificación. Por exemplo, en que especialidades pensa a Consellaría para o cambio no apartado 7.2. (que poidan ser doutro corpo do mesmo ou superior subgrupo)?. Se non se acepta solicitamos que se publique nunha resolución previa ao sorteo de tribunais. [Aceptan que haxa unha ou máis reunións técnicas coas organizacións sindicais para trasladar máis información conforme avance as datas das oposicións.](#)
- Solicitamos saber se teñen pensado que algún **tribunal dunha especialidade poida examinar outra especialidade distinta**, como permite a convocatoria. [Si, teñen pensado para algunha especialidade tirar doutra que sexa afín, antes de ter que recorrer a persoal de fóra de Galiza.](#)
- Queremos saber igualmente se hai algunha novidade sobre a **posibilidade de nomear**

**persoal asesor nos tribunais. Non o teñen decidido e informarán posteriormente se hai cambios.**

- Demandamos saber se hai **previsión de que haxa que recorrer a funcionariado de fóra** e, caso de ser así, se van garantir como demandamos a competencia lingüística no noso idioma. [Nalgún caso non quedará outra alternativa que recorrer a funcionariado de carreira doutra Comunidade, pero non van pedir competencia lingüística en galego.](#)
- Nos casos anteriormente citados de falta de tribunais ou necesidade de asesores falan de especialidades como Danza (persoal de fora da comunidade galega) ou Gaita (persoal asesor), aínda que en Gaita pensan que teñen persoal con titulación suficiente, que non superior, en gaita.
- Demandamos que os **cambios nos tribunais** por renuncias se fagan **públicos** e figure a **relación completa das persoas integrantes con anterioridade ao comezo das probas.** Tamén se debería incluír na orde como se actuará no caso de que no desenvolvemento do proceso un ou máis **integrantes do tribunal poidan ter que estar illados ou en corentena.** Non pode quedar nunha decisión arbitraria da Consellaría. [Comprométense a publicar o tribunal final que actuará, e se nalgún momento non hai o mínimo de tres compoñentes do tribunal, a Consellaría tirará do persoal suplente tal cal di a orde de convocatoria.](#)
- **Estamos de acordo coa exención da obriga do profesorado interino e substituto se presentar ás oposicións.** Mais o **problema fundamental** para o profesorado interino vai estar, como sempre, na **ausencia dun pacto de estabilidade**, especialmente naquelas especialidades nas que a oferta de prazas vai case ao límite de postos de traballo ocupados interinamente. A escasa porcentaxe de docentes interinos que superaron as oposicións nestes últimos anos non chega ao 20% o persoal aprobado con máis de 5 anos de antigüidade) é un problema enorme e unha inxustiza para quen leva anos e anos traballando no ensino público. Seguimos demandando un cambio no acordo de persoal

interino que busque unha solución para este profesorado.

- Canto á redacción da exención do persoal interino de presentarse ás oposicións cremos que se debe mellorar a redacción para que quede claro que non se refire só a quen “presta servizos” senón a quen ten dereito a permanecer nas listas. [Cambiaran a redacción deste apartado, deixando máis claro que se refiren a todo o profesorado substituto e interino que ten consolidado nas listaxes de Educación.](#)
- **Sen fase de concurso non se cumpre coa lei.** Levamos anos denunciando que na maioría das especialidades, sobre todo en secundaria, non se cumpre co obxectivo da lei de que a selección se faga tendo en conta a superación dunhas probas mais tamén a fase de concurso. Sabemos que a Consellaría sempre nos di que os tribunais son soberanos mais, con todo o respecto a esa soberanía, cremos que se deben tomar todas as medidas que leven a que a primeira proba non sexa un cribado absoluto. A redución de aspirantes pode axudar. Se a baremación o fai unha comisión técnica existirán menos apuros para os tribunais.
- Ao respecto da anulación do **acto de presentación** consideramos positiva a decisión, dadas as circunstancias. Porén, hai que garantir que as persoas opositoras poidan **preguntar cuestións ao tribunal antes de comezar a primeira proba**, tendo en conta que isto se facía normalmente no acto de presentación. [Indicaránlle aos tribunais que deben aclarar dúbidas antes do comezo dos exames mais aclaran que os tribunais deberán colgar na páxina web información previa ao comezo das probas.](#)
- Sobre o distribución en varios días, temos que dicir o seguinte: a nosa opción non pasa por distribuír os exames dunha mesma especialidade en varios días. Creemos que o mellor é diversificar o máximo posíbel as sedes dos tribunais, **comezando o mesmo día os da mesma especialidade e que todos fagan exactamente o mesmo exame. Sabemos que a día de hoxe isto xa non é así en moitas especialidades e que se nos contesta que o reparto de prazos por tribunais elimina a discriminación directa mais, con todo,**

**parécenos a mellor opción que todo o mundo teña a mesma proba.** [Confirman que traballan coa idea de quen todos os tribunais dunha mesma especialidade actuarán o mesmo día. A distribución en varios días busca reducir a acumulación de aspirantes nunha mesma data.](#)

- Cando se fala de comunicar nun prazo de 48 horas o illamento ou corentena faise referencia á 1ª parte da 1ª proba. Que pasa se o illamento afecta á 2ª parte da 1ª proba? Entendemos que se debe incluír que a data do 10 de Xullo será para facer tanto a primeira como a segunda parte da primeira proba do profesorado que estea en illamento ou corentena. [Van cambiar a redacción para que se inclúa toda a primeira proba. No caso de que este feito se dea na segunda proba terá que ser o tribunal o que decida.](#)
- A Consellaría debe articular un **mecanismo para comunicar ao tribunal a imposibilidade de realizar a primeira proba** (apartado 10.1) xa que unha persoa illada ou ingresada pode ter dificultades. Ou cada tribunal fai público un enderezo electrónico para comunicación de incidencias ou o habilita a Consellaría con carácter global. Existe algunha alternativa para aquelas persoas que o día 10 de xullo sigan illadas ou en corentena? [Non, non dan alternativa para as persoas que o 10 de xullo sigan imposibilitadas de acudir. Estudarán o mecanismo para comunicar a imposibilidade de acudir a facer a primeira proba.](#)
- No apartado 13.3.1 inclúese que serán os tribunais quen establezan o **tempo da proba práctica** (parte A). Debe indicarse que **esa información debe facerse pública coa suficiente antelación.** Propoñemos que sexa a primeira decisión que adopten os tribunais en canto se constitúan e que a medida sexa exactamente a mesma para todos os tribunais da mesma especialidade e que isto figure na orde.
- En canto a dúbida suscitada pola nova redacción sobre a **preferencia de que o exame práctico sexa escrito**, [a Consellaría acláranos que non é algo novo, senón que pretendían que naqueles tribunais onde se viñan alternando prácticos escritos ou non, que optaran polo escrito. En todo caso valoran](#)

quitar esa redacción se suscita dúbidas. Nós pedimos que en calquera caso o tribunal informe canto antes da decisión adoptada. Debe ser tamén unhas das primeiras comunicacións que fagan os tribunais para que quen oposita o coñeza coa máxima antelación.

- Parécenos correcto que se publiquen os **enunciados dos exercicios prácticos** cando rematen os procesos selectivos mais **as solucións ou, cando menos, uns criterios ou orientacións básicas** deben publicarse **en todos os casos** e non “cando proceda”. Para a CIG-Ensino sempre procede a máxima transparencia.
- Solicitamos información sobre se hai agora mesmo **persoal interino sen actualización das vacacións non gozadas** de cara ao baremo da fase de concurso. [Segundo a Consellería todo o persoal interino e substituto ten esta actualización feita.](#)
- Como en todas as convocatorias insistimos en que se coñezan con moita antelación as **instrucións dos tribunais dunha mesma especialidade** sobre que **materiais** van poder levar as persoas aspirantes e cales non.
- En especialidades como **Gaita**, que é a primeira vez que se convoca, hai moitas dúbidas que nos trasladan, especialmente sobre como se van proporcionar as obras do repertorio popular galego (medios individuais, audición colectiva) así como sobre a edición en audio ou partitura de obras segundo sexan tradicionais ou de autor. Son temas concretos que demandamos que a Consellaría trate cos tribunais para que os criterios se fagan públicos en canto se constitúa. [Falarán co tribunal de Gaita unha vez estea constituído.](#)
- Consultamos que pasa coas persoas que superaron os exames do **CELGA 4** antes de

rematar o novo prazo deste ano (15/02) poderán alegalo para estar exentos do exame de galego. [Indican que as todas as persoas que non tiveran ou non presentaran o CELGA 4 cando se inscribiron teñen que ir á proba. Unha vez nela que informen ao tribunal coa certificación adecuada. É o tribunal o que valorará se fai a proba o non.](#)

- No documento publicado pola Consellaría con **instrucións para as oposicións non se fai referencia** á disposición transitoria segunda bis da LOMLOE, que si entrou en vixencia unha vez publicada a Lei. Tal disposición outórgalle carácter orientativo aos estándares de aprendizaxe. O feito de pasaren de ser obrigatorios a orientativos condiciona enormemente as programacións e os deseños das unidades didácticas. A Consellaría debería revisar e actualizar esas instrucións para evitar dúbidas e erros. [Din que non o van facer xa que entenden que as aclaracións da Consellaría non vinculan ao tribunal.](#)
- Solicitamos que se convoque unha reunión de carácter técnico unha vez estea máis avanzado o proceso, para poder valorar a situación e tratar moitos dos asuntos que presentan dúbidas. [Aceptan ter, se é preciso, reunións para falar do desenvolvemento das oposicións. Unha antes de estar constituídos os tribunais para falar do reparto de aspirantes e sedes e outra, para unha vez estean constituídos, facilitar aclaracións e instrucións aos tribunais. Tamén para proporcionar información sobre medidas de protección e protocolo de actuación sanitaria durante as probas. Indican que estas medidas partirán dunhas xerais das que poña en marcha a Xunta este propio mes nas oposicións de persoal de administración xeral e nos propios protocolos educativos.](#)

## OS NÓSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
[baixomiño@cig-ensino.gal](mailto:baixomiño@cig-ensino.gal)

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, 2º andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
[amarinha@cig-ensino.gal](mailto:amarinha@cig-ensino.gal)

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)